



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, PARA A CONVOCATORIA E O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E DIVULGACIÓN EN MATERIA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E PROTECCIÓN DE DATOS**

**(1) Antecedentes: Necesidade e oportunidade do convenio**

Primeiro. Que a EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins e que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

Segundo. Que, segundo o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, a AMTEGA é a axencia pública autonómica que ten por obxecto a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico e, concretamente, a quen lle corresponde a xestión dos programas de capacitación dixital do persoal empregado público, en coordinación cos órganos competentes en materia de formación.

Terceiro. Que o Plan de Administración e Goberno dixitais con horizonte 2020, pretende consolidar as medidas emprendidas dende o 2010 para que, facendo un uso innovador da tecnoloxía, a Administración galega sexa capaz de reforzar e potenciar o modelo de funcionamento e prestación de servizos públicos. Para iso, decidiuse artellar as actuacións da Administración en tres ámbitos orientados a:

- Mellorar a proximidade, eficiencia e axilidade na prestación de servizos públicos aprofundando na madurez do uso dos medios electrónicos.
- Responder aos requirimentos da sociedade de xeito máis eficaz mediante sistemas de información global que permitan a prestación de servizos personalizados.
- Facilitar e acelerar a adaptación á Administración dixital de Galicia.

Cuarto. Que unha das liñas estratéxicas de actuación da EGAP consiste en incrementar substancialmente os cursos de formación continua en e-administración e facela extensiva a todo o persoal empregado público da Comunidade Autónoma. Isto ven motivado, en gran parte, pola entrada en vigor das Leis 39 e 40/2015, do 1 de outubro, sendo que na primeira das normas mencionadas, no seu artigo 14, establécese un amplo grupo de suxeitos obrigados a relacionarse coa Administración por medios telemáticos e, no artigo 12, establécese o deber de asistencia por parte do persoal empregado público no uso destes medios. Por tal motivo a formación neste campo debe ser reforzada e a EGAP contribuirá con elo a acadar unha Administración moderna e adaptada as exixencias derivadas do deber de emprego das novas tecnoloxías.

Quinto. Que o vindeiro 25 de maio de 2018 será directamente aplicable no noso país o Regulamento Europeo de Protección de Datos, no que se amplían os dereitos dos cidadáns e no que se introducen importantes novidades, como o dereito ao esquecemento e o dereito á portabilidade,





que melloran a capacidade de decisión e control da cidadanía sobre os datos persoais que confían a terceiros.

Indubidablemente esta nova normativa, que será acompañada nos vindeiros meses por unha lei estatal, terá importantes consecuencias para a Administración Pública, polo que resulta imprescindible dar unha adecuada formación na materia a todo o persoal empregado público.

## **(2) Obxecto**

O convenio ten por obxecto articular a colaboración entre a EGAP e a AMTEGA para convocar e desenvolver as actividades formativas dirixidas ao persoal empregado público das Administracións Públicas de Galicia no eido da Administración Electrónica e de Protección de Datos que se recollen no Anexo do convenio, así como para desenvolver unha necesaria actividade de divulgación de coñecementos nesta materia.

## **(3) Finalidade**

A EGAP e a AMTEGA adquiren os seguintes compromisos:

Ambos organismos :

- colaborarán na organización e desenvolvemento dos cursos incluídos no convenio
- participarán economicamente para cubrir os gastos derivados das accións formativas incluídas neste convenio nas cantidades que se detallan na cláusula cuarta deste convenio.

A AMTEGA

- remitiralle á EGAP tres meses antes do inicio da acción formativa unha memoria explicativa na que se faga referencia ós extremos descritos na cláusula segunda do convenio.

## **(4) Impacto económico**

A EGAP colaborará coa posta a disposición das súas instalacións, dos seus medios telemáticos e co seus medios persoais e materiais. Ademais, colaborará economicamente cunha achega dun importe de 25.368,10 euros con cargo ao orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2018.

A AMTEGA colaborará cos seus medios persoais e materiais. Ademais, colaborará economicamente cunha achega dun importe de 25.368,10 euros con cargo ao orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2018.

## **(5) Carácter non contractual**

As actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio non terán carácter contractual.

## **(6) Vixencia**

Para os efectos sinalados, formalizase coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza e a AMTEGA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por tódalas partes ata o 31 de decembro do 2018, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



**ESCOLA GALEGA  
DE ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICA**

da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta norma para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

En Santiago de Compostela, a 28 de febreiro do 2018  
O secretario xeral da EGAP,

Asdo. Sergio Domingo Baamonde Boquete

